



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Aprobación inicial modificación de crédito MC8/2026

ANUNCIO APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC 8/2026 SUPLEMENTO DE CRÉDITO + CRÉDITO EXTRAORDINARIO

EXPEDIENTE: 2026/T002/000008

O Pleno desta Corporación aprobou na sesión ordinaria realizada o día 28 de maio de 2026 o expediente de modificación de créditos MC 8/2026 de suplemento de crédito e crédito extraordinario, dentro do vixente Orzamento Municipal.

En cumprimento co disposto no art. 177.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público, por prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello. Durante este prazo, que comezará a contarse dende o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña, poderán formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao alcalde-presidente do Concello de Abegondo.

Este expediente entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións e entrará en vigor unha vez que se publique no BOP o resumo por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2025 coas modificacións propostas.

Abegondo, 29 de maio de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2026/3608